

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
| PLN/2021/12 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 26 de agosto de 2021 |
| Duración | Desde as 20:33 ata as 22:39 horas |
| Lugar | Salón de Plenos |
| Presidida por | Verónica Tourón Domínguez |
| Secretaria | Berta Alonso Soto |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| Nome e Apelidos | Asiste |
|-------------------------------|---------------|
| Alejandro Rodríguez Canosa | SÍ |
| Ana Cristina Pérez Cabaleiro | SÍ |
| Joaquín Núñez Troncoso | SÍ |
| Lucía Pereira González | SÍ |
| María Dolores Castiñeira Alén | SÍ |
| Miguel González González | SÍ |
| Noelia Pérez Domínguez | SÍ |
| Primitivo González Souto | SÍ |
| Rubén González Coto | SÍ |
| Santiago Rodríguez Davila | SÍ |
| Verónica Tourón Domínguez | SÍ |
| Ángela Ledo Souto | SÍ |



Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Sra. Alcaldesa: Boa tarde a todos e a todas e tamén as persoas que nos seguen dende a casa, estamos na sesión plenaria do mes de agosto, que ten seis puntos na parte resolutiva da orde do día e dous na actividade de control.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas de sesións anteriores

a) Acta sesión número 2021/6, extraordinaria de 3 de xuño de 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/6, extraordinaria de 3 de xuño, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Rodríguez Davila: Boas tardes a todos, membros da Corporación municipal, veciños que nos estades vendo ou que nos ides a ver a través da gravación deste pleno ordinario do mes de agosto. Antes de falar da acta, quería mandar unha mensaxe do noso grupo a todos e a cada un dos veciños que pacificamente se están a expresar ante un inxusto catastrazo no día de hoxe na Praza do Concello, un catastrazo que está recollido nos orzamentos municipais e que primeiro o goberno da Sra. Dolores Castiñeira e agora o goberno da Sra. Verónica Tourón aplauden xa que como digo, está recollido nos orzamentos deste ano, polo tanto é a proba manifesta de que si están de acordo co catastro.

Lamentamos por outra parte que este pleno non se estea a celebrar no auditorio municipal para que efectivamente a participación veciñal sexa efectiva e que a xente, os veciños puidesen ver, escoitar en primeira persoa este pleno municipal.

Dito isto, en canto a acta, na páxina 17 comezando por abaixo na liña 12 di “Xa o dicían os seus predecesores” está en plural ten que estar en singular “Xa o dicía o seu predecesor” e na páxina 18 comezando por arriba na segunda liña di “nese documento porque senón habería rexeitamento absoluto “ tería que dicir “porque senón non habería un rexeitamento absoluto”

Sra. Pereira González: Boas tardes a todos e todas, na páxina 4 na miña intervención na cuarta liña que di “virán outros cantos que fala” era “virán outros cantos que



faltan". Na páxina 24 na oitava liña di "houbo aumento do complemento de destino, 17 postos aumentaron complemento de destino" cando debería dicir 10, "10 postos aumentan o complemento de destino que se traduce en 17 persoas".

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/6, extraordinaria de 3 de xuño; sendo aprobada por ONCE VOTOS A FAVOR dos/as Sres/as Concelleiros/as: M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González, Miguel González González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Noelia Pérez Domínguez (PP) e DUAS ABSTENCIÓNS dos/as Sres/as Concelleiros/as: Primitivo González Souto e Angela Valcárcel Bernárdez (PP).

b) Acta sesión número 2021/7, extraordinaria de 14 de xuño de 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/7, extraordinaria de 14 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alén: Boa tarde a todos e todas aos que nos están vendo e compañeiros e compañeiras aquí presentes, na última folla no segundo parágrafo, segunda fila debería dicir "me toca recoñecer" e non "me toda recoñecer".

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/7, extraordinaria de 14 de xuño; sendo aprobada por DEZ VOTOS A FAVOR dos/as Sres/as Concelleiros/as: M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González, Miguel González González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, e Noelia Pérez Domínguez (PP) e TRES ABSTENCIÓNS dos/as Sres/as Concelleiros/as: Primitivo González Souto, Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Angela Valcárcel Bernárdez (PP)

c) Acta sesión número 2021/8, extraordinaria urxente de 15 de xuño 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/8, extraordinaria-urxente de 15 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.



VOTACIÓN: Non existindo observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/8, extraordinaria-urxente de 15 de xuño; sendo aprobada por **ONCE VOTOS A FAVOR** dos/as Sres/as Concelleiros/as: **M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González, Miguel González González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Noelia Pérez Domínguez (PP) e DÚAS ABSTENCIÓNS** dos/as Sres/as Conceleiros/as: **Primitivo González Souto e Angela Valcárcel Bernárdez (PP)**

d) Acta sesión número 2021/9, ordinaria de 24 de xuño 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/9, ordinaria de 24 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alén: na páxina 7 no primeiro parágrafo, cuarta fila debería dicir “defenderás os intereses da Xunta e si os de Salceda” o que pon a acta é “defenderás os intereses da Xunta se os de Salceda”

VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/9, ordinaria de 24 de xuño; sendo aprobada por **DOCE VOTOS A FAVOR** dos/as Sres/as Concelleiros/as: **M^a Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González, Miguel González González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Ana Cristina Pérez Cabaleiro, Primitivo González Souto e Noelia Pérez Domínguez (PP) e UNHA ABSTENCIÓN** da Sra Conceleira **Angela Valcárcel Bernárdez (PP)**

Expediente 1589/2021. Aprobación de memoria valorada de execución de mellora da aula de San Xurxo do CRA Raiña Aragonta en Salceda de Caselas.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Ledo Souto: Buenas tardes a todos, tanto a los presentes como a los que nos ven por otros medios, aquí se lleva la aprobación del proyecto de mejora del aula de San Xurxo, el proyecto está redactado por el arquitecto Carlos Álvarez Ávila y el presupuesto asciende a 65.641,85€ más un IVA de 13.784,79 €, que hacen un total de 79.426,64 €. Esta mejora consta de la creación de un aula polivalente en la zona que anteriormente ocupa la casa del profesor. La obra consta de la creación de una rampa de acceso, la creación de dos baños adaptados, un despacho y el aula



polivalente. El aula se creará siguiendo lo que se hizo ya en el aula de Budiño con cemento pulido, trasloado y carpintería. La intención es crear espacios polivalentes para darle el uso que se necesita en cada momento, de esta manera servirán para utilizarse como aula, como gimnasio o como patio cubierto por si un momento dado las inclemencias del tiempo lo requieren. La intención de este equipo de gobierno es darle utilidad a estos espacios y poner al servicio, en este caso, de los alumnos de la parroquia esta aula a mayores. Apostamos desde el primer día por ir mejorando las aulas de las parroquias y con eso los edificios, en este caso el aula de San Xurxo, es una necesidad por el número de alumnos que hay, porque ya el curso pasado y este también, se ocuparon todas las plazas y el espacio les queda bastante justo.

Este proyecto sabemos que va a solucionar ese problema y se le va a dar accesibilidad, baños accesibles y después también quedará abierto el patio cubierto inicial que había en el edificio, el porche que inicialmente tenía el edificio se cerró para utilizar esa parte como almacén, esa parte también se va a abrir. Espero que los votos sean a favor de los tres partidos.

Sr. González Souto: Boas tardes a todos, gracias Gela pola exposición. É unha inversión no eido educativo de mellora e ampliacións das instalacións existentes, en resúmen é reformar a vivenda en ruínas da antiga casa do mestre anexa as aulas para a creación do que explicaches ti, dunha aula polivalente, outra aula máis pequena, un hall e un aseo e a parte da rampa. Nós miramos o proxecto e estamos de acordo, é unha obra que nós tamén levabamos no programa electoral, mellorar e reformar esas instalacións educativas que están en moi malas condicións nalgúns casos, e polo tanto a nosa postura non pode ser doutra maneira que ser a favor.

Sra. Castiñeira Alén: Eu creo que vamos a estar de acordo como xa o estivemos na Comisión informativa, os tres partidos políticos, ambos PSOE e Movemento Salceda do equipo de goberno, o levabamos no programa e me consta que o Partido Popular tamén. Lévese feito un tremendo esforzo en recuperar estas aulas porque para nós son fundamentais, a aposta polo ensino das nosas parroquias creemos que é clave e viuse demostrado nesta era COVID. Nos últimos anos fíxose un importante esforzo na aula de San Xurxo, creemos que non é suficiente. Ata o de agora tiñamos un patio exterior de caucho pechado que todos sabemos que cheiraba a humidade e que non era o máis adecuado para os nosos nenos e nenas, si ben é certo que si se fixeron melloras importantes como a colocación de tarimado en todas as aulas das parroquias, a climatización, colocación de alarmas, auga quente, algo tan básico e necesario que se instalou tamén non hai tanto tempo nas aulas das parroquias e fíxemos tamén un tremendo esforzo no que é no mantemento estrutural dos edificios, os tellados de Budiño e de Fontán e ultimamente a recuperación da aula de Budiño, que seguramente vistes algunhas fotografías publicadas que quedou ben fermosa e agardamos que o resultado da de San Xurxo, que non me cabe dúbida, de que así vai ser. Era unha aula moi necesitada, faltábanos San Xurxo e Picoña, está recuperada a vivenda de Barreiro o patio cuberto de Picoña, a aula anexa de Fontán, a aula anexa tamén de Soutelo e fai uns meses como dicía antes a de Budiño.



Queda facer os deberes en San Xurxo, queda facelos en Picoña, un pasiño máis para acadar esa aula anexa en San Xurxo e empezaremos xa a traballar, que seguro que a compañeira Gela está niso, no de Picoña, dando así cumprimento a un compromiso que precisamente tiñamos os tres partidos políticos. Me alegra moito que o voto sexa unánime e estou segura de que así vai ser, dos tres partidos políticos, Movemento Salceda vai votar a favor.

Sra. Alcaldesa: Como dicía a compañeira de ensino e a compañeira de Movemento Salceda, é un compromiso deste equipo de goberno. Efectivamente tamén o levaba na súa compañía electoral o Partido Popular, creo que está claro o esforzo que estamos facendo dende este equipo de goberno coa recuperación e rehabilitación de edificios e instalacións municipais que estaban en desuso ou que se lle pode dar un uso máis rentable, para o que é o eido social, educativo, cultura e demais, neste caso era una necesidade primordial ademais, moi solicitada pola veciñanza da parroquia.

É unha aula que ten moitos nenos e nenas sempre e que é necesario espazo, máis en tempos de COVID, e verdade é que se apremia e intentaremos ter a financiación canto antes para poder levala a cabo, mentras tanto se están acometendo outras obras alí como é o arranxo do chan dese almacén, que comentaba a compañeira de ensino, para que polo menos este ano teñan unha solución parcial que esperamos que sexa definitiva con este proxecto en canto poidamos levalo a cabo, alégrome que teñamos este voto unánime dos tres partidos da Corporación, de seguido paso a ler a proposta de acordo, seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de execución de mellora da aula de San Xurxo do CRA Raíña Aragonta en Salceda de Caselas” redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila e asinado o 17.06.2021, cun orzamento base de licitación de 79.426,64 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 13.784,79 € e o presuposto sen IVE a 65.641,85 €.

Visto o informe técnico núm. 2021-0202 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0027 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español



as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de execución de mellora da aula de San Xurxo do CRA Raíña Aragonta en Salceda de Caselas” redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila e asinado o 17.06.2021, cun orzamento base de licitación de 79.426,64 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 13.784,79 € e o presuposto sen IVE a 65.641,85 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de execución de mellora da aula de San Xurxo do CRA Raíña Aragonta en Salceda de Caselas” redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila e asinado o 17.06.2021, cun orzamento base de licitación de 79.426,64 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 13.784,79 € e o presuposto sen IVE a 65.641,85 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 1880/2021. Convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Boas noites a todos e todas os membros da Corporación e veciños e veciñas que nos seguen dende as canles de youtube do Concello.

O que presentamos hoxe aquí son as bases reguladoras das subvencións da concorrencia competitiva para as traídas de augas do noso Concello, as cales espero que saian aprobadas neste pleno. O obxecto destas axudas comprenderán as propias obras, adquisición de material ou pago de man de obra ou compra de equipamento das distintas actuacións que poderán levar a cabo as Comunidade de usuarios e usuarias como poden ser: captación de auga, mantemento e construción do sistema de almacenamento e de potabilización ou as mesma reparacións que teñen que facer na rede de distribución.



As bases conteñen detalladamente informan dos requisitos da solicitude, documentos a achegar, prazos de presentación, a formación da Comisión Técnica de avaliación, as resolucións, xustificacións, obrigas, recursos, pagos, e os demais temas.

Vou destacar o punto 8 das bases que son os criterios de avaliación que vos vou a ler:

“Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación terá en conta os seguintes criterios:

- 1) *Número de usuarios/as (billas):*
 - a. *Entre 10 e 50 usuarios (5 puntos)*
 - b. *Entre 51 e 100 usuarios (10 puntos)*
 - c. *Máis de 101 usuarios (15 puntos)*
- 2) *Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano.*
 - a. *Maior ou igual a 25 euros (5 puntos)*
 - b. *Que realizen aportacións extraordinarias por usuario/a para obras, nos últimos tres anos, por importe maior ou igual a 100 euros (5 puntos)*
- 3) *Cumprir coas obrigas legais de analíticas e cloración (5 puntos)*
- 4) *Proporcionar auga de consumo de xeito gratuíto a algún centro educativo, cultural, deportivo ou social (10 puntos)*
- 5) *Uso do galego nas comunicacións a usuarios/as (5 puntos)*
- 6) *Non ter percibido axudas doutras administracións ou do Concello de Salceda de Caselas nos dous últimos anos que financiasen o investimento que se vai a subvencionar nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (15 puntos)*
- 7) *Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (Ata un máximo de 50 puntos).*
 - *Incrementar a capacidade das captacións. (20 puntos)*
 - *Incrementar a capacidade dos depósitos. (15 puntos)*
 - *Instalación de sistemas de potabilización. (15 puntos)*
 - *Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación ás persoas usuarias. (15 puntos)*
 - *Outros de interese xeral a criterio da Comisión técnica. (10 puntos)”*

Falar tamén das contías e os límites que as Comunidades poderán recibir, adjudicárase a subvención por orde de maior puntuación, co límite do 70% (IVE incluído) do orzamento e 5.000 euros por comunidade ata esgotar a partida de 30.000 euros.

Por último dicir que os informes son favorables, a aplicación orzamentaria do orzamento do 2021 deste Concello 1621-48000 destina 30.000 euros para estas bases que esperamos aprobar por unanimidade e que axudará ás nosas traídas de auga da vila a mellorar os seus servizos aos usuarios.



Sra. Pérez Cabaleiro: Boas tardes a todos aos veciños que nos están a seguir a través das canles de internet e tamén aos veciños que hoxe están fora manifestándose libremente ante a imposición do catastro no noso Concello.

En canto a este punto dicir que en canto a concesión de subvencións sempre nos pareceu importante que a súa tramitación se levase a cabo a través de concorrencia competitiva, sempre o manifestamos así, parécenos perfecto que se faga agora en canto a este punto e tamén sempre manifestamos que así se fixese con outras subvencións, así como os Centros Culturais ou tamén deportivos. Como ben dixo o compañeiro Rubén, este punto conta con informe favorable tanto de intervención como de secretaría sen embargo tamén é importante destacar que na conclusión indica que *“visto o que antecede debe advertirse que o Concello para poder conceder subvencións debe contar con un plan estratéxico de subvención do que carece actualmente”* e dicir, creo que hai que considerar este punto e incidir nel. Consideramos importante que todas as concesións de subvencións se fagan a través de tramitación de concorrencia competitiva por iso o voto do noso grupo vai ser a favor neste punto.

Sra. Castiñeira Alén: Desta subvención xa falamos na sesión plenaria de aprobación do orzamento 2021, o que se trata neste pleno é a aprobación das bases que regulan o outorgamento desas subvencións, unhas subvencións que a pesares de ser un compromiso político eran imposibles ata hai nada. Sabedes que o teito de gasto que por fin rompeu o Goberno Central nos permitiu ampliar ese número de subvencións, unhas subvencións que ademais podemos outorgar, neste caso, ás traídas de augas parroquiais, unhas traídas que fan unha labor espléndida que no caso da auga é unha responsabilidade municipal e sen dúbida, hoxe é de xustiza outorgarlle esta axuda. Son 30.000€ de momento, agardamos que axuden e que, como dicía o compañeiro Rubén, sirva para que as súas instalacións, incluso a súa calidade en canto a xestión da auga sexa maior. Era un compromiso de Movemento Salceda no seu programa electoral e me alegro moito de que hoxe de forma unánime lle vaíamos a dar para adiante a esta necesidade de aprobación de subvencións para as traídas.

Sra. Alcaldesa: Como Alcaldesa e como Partido Socialista era tamén un compromiso que levabamos creo que os tres grupos da corporación, estamos de acordo en que era unha necesidade. Por primeira vez Salceda conta no seu orzamento cunha partida de 30.000€ para axudar ás traídas parroquiais, esperamos que iso mellore o subministro e a calidade da auga da nosa veciñanza. Estamos aquí para colaborar, para facer este tipo de cousas e agora son 30.000€, pero si en algún momento temos a posibilidade de incrementalalo o faremos e veremos tamén que as traídas de augas poidan realizar obras que ao mellor sen esta colaboración do Concello non poderían levar a cabo.

Alégrome que este punto tamén saia a favor por unanimidade. Advertir que hai un pequeno erro no informe de intervención, é un informe de fiscalización favorable pero con observacións e di nas observacións *“en atención ao informado no apartado*



cuarto que non consta informe-proposta debidamente motivado” é un defecto de forma, cando a interventora fixo este informe non estaba a proposta e agora mesmo está, simplemente aclaralo para que quede en acta e tamén indicar que non é realmente unha observación negativa senón que no momento de elaborar o informe non estaba, polo tanto paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que se considera conveniente efectuar a convocatoria de concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo.

Vistas as bases reguladoras da concesión das devantitas subvencións, que teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios/as de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello Salceda de Caselas e que durante o ano 2021 realicen investimentos nas traídas veciñais, así como fomentar o asentamento no rural e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Non obstante o disposto no informe de Secretaría núm. 2021-0028 e no informe de Intervención núm. 2021-0144.

De conformidade co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo do concello de Salceda de Caselas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2021, co texto que figura nas bases anexas á presente proposta de Resolución.*

SEGUNDO. *Aprobar o gasto de 30.000,00 euros, ao que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 1621-48000.*

TERCEIRO. *Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto. “*

VOTACIÓN: **Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo do concello de Salceda de Caselas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2021, co texto que figura nas bases



anexas á presente proposta de Resolución.

SEGUNDO. Aprobar o gasto de 30.000,00 euros, ao que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 1621-48000.

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Expediente 661/2021. Rectificación de erro por omisión nas bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia non competitiva dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcadesa: Estas bases xa foron aprobadas no pleno ordinario anterior e advertindo, tal e como se comentou na Comisión Informativa, que había un erro por omisión xa que non aparecían nas bases os gastos que se podían xustificar nesta subvención e a forma ademais de xustificalos, advertindo ese erro traemos aquí a proposta de modificación que é incluír na base 1ª o seguinte texto, que son os gastos subvencionables que se poden xustificar para esta subvención que sería engadir :

"Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- *Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)*
- *Gastos de arrendamento de maquinaria e/ou vehículos.*
- *Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.*
- *Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultaría.*
- *Gastos de subministro de auga, luz, gas e teléfono.*
- *Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.*
- *Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.*
- *Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.*

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os efectos do previsto nas presentes bases, consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende o 14 de marzo de 2020 ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda."

E outra introdución que facemos é no apartado b) na base sexta que di: *"Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade*



da subvención” .

Como dicía antes mírase que hai un erro por omisión e queremos incorporar ese dous pasos para solucionar ese erro e que as axudas que se poidan dar o antes posible.

Sr. Rodríguez Davila: Xa o dicíamos no pleno no que se aprobou esta concesión de subvencións que chegaba un pouco tarde, o noso voto foi favor e aquí volveremos a votar a favor loxicamente. Unha vez máis uns erros administrativos ou de transcripción ou de interpretación para a publicación fai que vaíamos xa con dous meses máis de retraso para que a xente poida solicitar estas axudas, máis de dous meses porque agora ten que publicarse estas bases para a concesión de subvencións e polo tanto tardaran uns cuantos meses mais en recibir as primeiras axudas os nosos hostaleiros que tanta axuda precisan, e que tan mal o pasaron. Por sorte pouquiño a pouco, aínda que despacio, van recuperando a actividade e esperemos que máis pronto que tarde poidan estar con máis aforos e que a xente coa vacinación poida xaperder o medo e poidamos todos axudar a mellorar o día a día destas persoas tan afectadas pola pandemia. Polo tanto nos entristece o erro e nos entristece o retraso pero loxicamente vamos a votar a favor como así o fixemos no pleno do mes de xuño.

Sra. Alcaldesa: Engadir que o erro non leva a que haxa que volver a publicar porque a realidade é que este erro se observa antes de que a Deputación nos dea o visto bo para estas bases e para facer a publicación. Tamén me gustaría que houbera sido antes pero é verdade que non haberá retraso na tramitación xa que non ten que haber outra publicación. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Advertido erro por omisión nas bases reguladoras da concesión de subvencións dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19 elaboradas polo departamento de comercio e emprego, aprobadas por acordo plenario de data 24.06.2021, na medida en que se omitiu na súa base primeira a definición dos gastos subvencionables.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que determina que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos/ as interesados/ as, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO:

Rectificar as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia non competitiva dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19, aprobadas por acordo plenario de data 24.06.2, de forma que onde dí:



“BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerán a convocatoria pública de axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Salceda de Caselas e cumpra os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracións dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello de Salceda entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do concello de Salceda de Caselas para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.”

Debe dicir:

“BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerán a convocatoria pública de axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Salceda de Caselas e cumpra os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracións dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello de Salceda entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do concello de Salceda de Caselas para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:



- Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)
- Gastos de arrendamento de maquinaria e/ou vehículos.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultaría.
- Gastos de subministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os efectos do previsto nas presentes bases, consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende o 14 de marzo de 2020 ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda. Polo tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 14 de marzo de 2020 ata a data límite outorgada polo Concello de Salceda de Caselas para solicitar as axudas que rexen estas bases.”

E onde di:

“BASE SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

(...)

2.- Documentación específica:

a) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
- Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.



- *Outros documentos acreditativos.*”

Debe dicir:

“BASE SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

(...)

2.- *Documentación específica:*

a) *Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:*

- *Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.*
- *Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.*
- *Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.*
- *Outros documentos acreditativos.*

b) Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

Rectificar as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia non competitiva dirixidas a axudar aos sectores da hostalería e outras microempresas ante os efectos económicos da covid-19, aprobadas por acordo plenario de data 24.06.2, de forma que onde dí:

“BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerán a convocatoria pública de axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Salceda de Caselas e cumpra os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracións dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello de Salceda entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do



estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do concello de Salceda de Caselas para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.”

Debe dicir:

“BASE PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas Bases consiste en regular as normas polas que rexerán a convocatoria pública de axudas para as persoas autónomas e microempresas de ata 10 persoas traballadoras cuxa actividade se vira afectada durante a pandemia, radique no termo municipal de Salceda de Caselas e cumpra os requisitos que se establecen nas presentes bases.

A finalidade destas axudas é paliar o impacto na actividade económica que supuxeron as declaracións dos estados de alarma, coas distintas restricións pola evolución da pandemia e o peche perimetral e illado do Concello de Salceda entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021, ordenado por normativa da Xunta de Galicia pola que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 da Xunta de Galicia, a través da achega de liquidez ás empresas e persoas autónomas do concello de Salceda de Caselas para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantemento da actividade e o emprego e amortecer a redución drástica de ingresos.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de alugueiro (bens mobles e inmobles)
- Gastos de arrendamento de maquinaria e/ou vehículos.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Servizos profesionais independentes; xestoría, asesoría e consultaría.
- Gastos de subministro de auga, luz, gas e teléfono.
- Primas seguras; seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Vinculados co exercicio da actividade económica.



- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxería.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os efectos do previsto nas presentes bases, consideraranse subvencionables todos os gastos efectivamente realizados dende o 14 de marzo de 2020 ata a data de finalización do prazo de presentación desta axuda. Polo tanto, o período de imputación de gastos a esta subvención será dende o 14 de marzo de 2020 ata a data límite outorgada polo Concello de Salceda de Caselas para solicitar as axudas que rexen estas bases.”

E onde di:

“BASE SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

(...)

2.- Documentación específica:

a) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.
- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
- Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.
- Outros documentos acreditativos.”

Debe dicir:

“BASE SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

(...)

2.- Documentación específica:

a) Documentación acreditativa da baixada de facturación, con algúns dos seguintes modelos:

- Modelo 390 dos anos 2019 e 2020.



- Modelo 130 IV trimestre dos anos 2019 e 2020.
- Libro rexistro de facturas emitidas dos periodos a comparar.
- Outros documentos acreditativos.

b) Facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención.

Expediente 2006/2021. Fixación de festivos locais para o ano 2022.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Como sabedes todos os anos temos que traer ao pleno a aprobación dos días festivos locais do Concello de Salceda, este ano propomos como sempre o Martes de Entroido que é o 1 de marzo de 2022 e o Luns de Cristo que é o 18 de xullo de 2022.

Sr. Rodríguez Davila: Reitero o que manifestei no nome do noso grupo na Comisión, que oxalá para o ano si que poidamos todos celebrar estas dúas festividades locais o Martes de entroido como os outros días, luns, domingo, sábado ou o venres, poidamos todos celebrar nas rúas e na parroquia de Santa María, concretamente nos barrios de a Feira e Barreiro o entroido e tamén noo colexio pequenos e pequenas nas aulas do CRA Raíña Aragonta. Poder festexar tanto o entroido como as festas do Cristo no mes de xullo, que pouco a pouco poidamos ir recobrando a normalidade e que por fin o ano 2022 sexa un bo ano nese sentido de festivo e de celebración. O noso voto vai se a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas noites a todos e todas aos aquí presentes e aos que nos seguen polas redes, un ano mais temos a proposta dos festivos locais e que no caso do noso Concello mantemos o martes de entroido e o luns do cristo. Xa este é o segundo ano que as festas non se puideron celebrar con normalidade absoluta e coa normalidade de sempre, pero creemos que é importante culturalmente e socialmente manter os mesmos festivos locais. O martes de entroido é un día moi importante para a xente da parroquia de Santa María de Salceda, sobre todo para os barrios de A Feira e do Barreiro e o luns do cristo tamén é importante para todo o Concello e sobre todo para a xente da Esfarrapada. Como ben dixo o compañeiro Santi, levamos uns anos nos que non se puideron celebrar e esperemos que no 2022 se poidan celebrar festas con normalidade. Creo que o ano pasado por desgracia xa dixemos o mesmo, que esperábase que este ano se puidera celebrar con normalidade, teremos que seguir celebrando coa norma normalidade e seguiremos organizando cousas dende o Concello de Salceda sempre, nunca deixamos de organizar actividades de apoiar a cultura, creemos que si se poden facer actividades, apoiar a un sector que foi un dos mais afectados como é o da cultura e como quedou demostrado no Cristo ou no nadal ou incluso no entroido e quedará na Festa dos



Callos si que se poden facer actividades culturais seguras, con sentidiño e que polo menos durante unhas horas, uns días ou o tempo que sexa que a xente se esqueza da pandemia e vivan un pouco de festividade.

Sra. Alcadesa: Súmome aos comentarios do portavoz do Partido Popular e do Concelleiro de Cultura, na mágoa que sentimos todos por non poder celebrar estas festas por estar neste tempo de pandemia, esperemos que para o ano que ben por estas datas, que é cando traemos os festivos locais, poidamos dicir todo o contrario, que celebramos unhas festas de Salceda tanto do Cristo como do Entroido, ben nunha nova normalidade pero que poidamos socializar e relacionarnos de novo e co meu desexo súmome aos comentarios anteriores. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto o requirimento efectuado pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade, recibido en data 12.08.2021 (Rex. núm. 2021-E-RC-4013) para que se proceda á realizar a proposta de festas locais do Concello para o ano 2022 e se remita antes do 30 de outubro.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2022:*

*1 de marzo de 2022 (Martes de entroido)
18 de xullo de 2022 (Luns do Cristo)*

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).”*



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2022:

1 de marzo de 2022 (Martes de entroido)
18 de xullo de 2022 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).

Moción do grupo municipal popular para instar ao goberno municipal o inicio dos trámites para modificación da ordenanza fiscal do IBI (urbana) incluíndo bonificacións potestativas contempladas no art. 74-1º do Texto Refundido Lei Reguladora das Facendas Locais.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr.Rodríguez Davila: Estamos ante unha nova iniciativa deste grupo, con esta xa van seis plantexadas neste pleno para intentar minimizar o impacto que está a ter sobre os nosos veciños co chamado catastrazo. Vou dar paso a lectura da moción seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL O INICIO DOS TRÁMITES PARA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI (URBANA) INCLUINDO BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS CONTEMPLADAS NO ART. 74-1º DO TEXTO REFUNDIDO LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

ANTECEDENTES

A Xerencia territorial do Catastro de Pontevedra notificou, a través da sede electrónica o pasado 2 de febreiro, o inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello de Salceda de Caselas.

O noso Grupo, unha vez coñecido o mesmo, propuxo o Goberno Local, as seguintes medidas:

1º. Solicitar a Xerencia Territorial do Catastro a paralización do inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello coa maior dilixencia posible para anticiparase a chegada das notificacións os afectados/as (proposta Rexeitada polo goberno municipal no pleno do 25/02/2021).



2°. Solicitar/Instar ao ORAL diferir a emisión das liquidacións de atrasos anos 2018,2019 e 2020, en tres anualidades, e dicir, a liquidación pendente de 2018 emitírase en 2021, a do 2019 en 2022 e a do 2020 no 2023 (Aprobada no pleno do 15/04/2021).

3°. Modificación do tipo impositivo do imposto do 0,50% o 0,40%: rebaixa no recibo nun 20%, (Aprobada no pleno de 03/06/2021).

4°. Propuxemos o incremento da bonificación ás familias numerosas do 40% ao 50% (Categoría Xeral) e do 50% ao 70% (Categoría Especial) sempre que o valor catastral da vivenda habitual non supere os 90.000,00 € e non sexan titulares de outros inmobles cun valor catastral superior os 25.000,00 € (Rexeitada polo goberno municipal no pleno de 03/06/2021).

5°. Solicitamos que a Sra. Alcaldesa, recurrixe a inclusión dos terreos clasificados polas Normas Subsidiarias (Planeamento urbanístico do noso Concello) como solos de núcleos na categoría de solos urbanos a efectos do artigo 7.2.a) da Lei do Catastro Inmobiliario, promovendo as acción e recursos precisos para que a vista do artigo 7.2.b) de dita Lei, queden fora de tributación como solo urbán e polo tanto se deixen sen efecto as valoración feitas polo Catastro no Procedemento Simplificado de Valoración Catastral realizado no Concello de Salceda de Caselas. E dicir, se instaba a volver a situación anterior o inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva (Rexeitada polo goberno municipal no pleno de 05/08/2021).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O procedemento simplificado de valoración colectiva estase a aplicar en base a lexislación urbanística vixente no Concello que corresponde coas Normas Subsidiarias aprobadas no 1997.

A normativa urbanística en vigor (Normas Subsidiarias) contempla o desenrolo dos nucleos rurais a través do Plan Especial de Mellora do Medio (PEMM). Este Plan, non está executado, polo que orixina graves perxucios os propietarios de parcelas en zonas catalogadas como urbanizables que non dispoñen de servizos urbanísticos, por exemplo: lindar con camiño público, afecións de dominio hidráulico (ríos, regatos...). En consecuencia, ditos terreos nunca poderán ser edificables. E dicir, non son aptos para edificar pero pagarán Imposto (IBI) como outras parcelas que si o son.

A maiores deberán facerlle fronte o pago do IBI con carácter retroactivo, creándolle a estes propietarios un prexucio económico sen precedentes na historia do Concello pola cuantía e número de afectados.



O Goberno de Salceda de Caselas é o único responsable da situación destes propietarios o non ter un Plan Xeral (PXOM) aprobado previamente a aplicación do procedemento simplificado de valoración colectiva, deixando os veciños sen amparo e nunha clara situación de indefensión respecto dos seus intereses.

Como é o Goberno Municipal o responsable de que estes propietarios liquiden/paguen este imposto por un dereito que nunca poderán consumir, é obrigado polo restantes membros da Corporación Municipal impulsar e apoiar medidas para minimizar o impacto económico nos petos dos veciños, namentres non se aprobe un PXOM que solucione esta problemática de forma definitiva.

A maiores dos antecedentes expostos con anterioridade, e o amparo do establecido no artigo 74.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, que dispón o seguinte:

“ Las ordenanzas (fiscales podrán regular una bonificación de hasta el 90 por ciento de la cuota íntegra del Impuesto a favor de los bienes inmuebles urbanos ubicados en áreas o zonas del municipio que, conforme a la disposición y planeamiento urbanísticos, correspondan: a) asentamientos de población singularizados por su vinculación o previnencia de actividades primarias de carácter agrícola, ganadero, forestal, pesquero o análogos y que dispongan de un nivel de servicios de competencia municipal, infraestructuras o equipamientos colectivos inferior al existente en las áreas o zonas consolidadas del municipio, siempre que sus características económicas aconsejen una especial protección.

La. características peculiares v ámbito de los núcleos de población, áreas o zonas, así como las tipologías de las construcciones y usos del suelo necesarios para la aplicación de esta bonificación y su duración, cuantía anual y demás aspectos sustantivos y formales se especificarán en la ordenanza fiscal.”

Sen dúbida, tense neste artigo a ferramenta xurídica para actuar dende o Goberno Municipal e minimizar, que non solucionar, a problemática descrita anteriormente e coñecida por todos.

A modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI, é una competencia do Pleno Municipal, podendo aplicar unha bonificación de ata un 90% da cuota íntegra do imposto axustándose os requisitos sustantivos contidos no artigo 74.1 do TRLFL, o que significaría a eliminación do 95% dos recibos/liquidacións emitidos por ditas parcelas.

Tal beneficio fiscal podería ser aplicado exclusivamente as parcelas que reúnan ditas características, e que deberán facerse constar na oportuna Ordenanza Fiscal.



PROPOSTA DE ACORDO:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular presenta ao Pleno da Corporación para debate e aprobación a adopción do seguinte acordo:

1.- Iniciar os trámites para a Modificación da Ordenanza Municipal do IBI para Incluir Bonificacións Potestativas do 90% nas Zonas do Concello Susceptibles de ser aplicables o amparo do art. 74.1º do TRLFL.”

Sr. Rodríguez Davila: Creo que quedou medianamente clara a nosa intención, que como digo, é a sexta proposta que traemos a este pleno para intentar axudar e minimizar o impacto que está a ter nestes días nos veciños e veciñas, que ven como non se está a facer, ao noso entender e moitos así o manifestan, dende o goberno municipal, todo o posible, ás probas me remito, o que sucedeu nos últimos plenos e tamén o que supoño que o que debateremos nos próximos minutos.

Sra. Pereira González: Eu entendo a preocupación do Partido Popular con este tema, non creo que sexa maior que a deste goberno. Díxenllo dende o principio, lévollo dito en todos os plenos, dende que temos coñecemento deste procedemento o goberno completo e esta Concelleira en particular, levámoslle dedicado moitísimas horas a intentar buscar solucións, xestionando con ORAL, xestionando con Catastro, tratando de que o impacto económico sexa o mínimo na veciñanza, xa que a remisión chegou nun dos peores momentos como xa todos temos falado e como todos concordamos, igual que todos concordamos que sabíamos que isto ía suceder. Non é nin o primeiro, nin o segundo, nin o terceiro concello da provincia no que se aplica deste xeito, o problema aquí, é tamén o sabemos todos, é a normativa urbanística da que partimos. Temos unhas Normas Subsidiarias do ano 1997, unhas Normas que conteñen unha cantidade de núcleos rurais que están formados por terreos que non reúnen as condicións mínimas de edificabilidade e aí dixemos, dende o primeiro momento, que estaba o problema e que estaba a inxustiza deste procedemento pero non ilegalidade.

Vostedes presentan neste pleno unha moción que na exposición de motivos, no argumentario, describen unha serie de medidas como si fosen ideadas por vostedes, como si todo o que se leva feito nestes meses fora obra e gracia do Partido Popular. No primeiro pleno que falamos do procedemento simplificado no mes de febreiro, este goberno xa lle dixo cal ía ser a liña de actuación e cales eran as medidas que íamos a tomar: a apertura da oficina, as xestións con catastro e co ORAL para minimizar e facilitar as tramitacións da veciñanza, o estudio da baixa do tipo impositivo e o estudio das bonificacións, tanto sociais como urbanísticas. Díxose no pleno de febreiro e eses foron os pasos que se foron dando, sempre con rigor e seriamente, unha vez que están traballados, unha vez que está aceptado ou consensuado co organismo que ten que facelo, informado ou asesorado xuridicamente, unha vez que teñen seguridade xurídica, se vai dando o paso e se vai traendo a este pleno, eses foron os pasos que se dixeron dende o principio e foron os



pasos que se deron. Que fixo o Partido Popular? Ir a banzados, no primeiro pleno solicitaron a paralización, a paralización este goberno díxolle que non era posible, sabían de sobra que o procedemento era irreversible, non vale de nada enganar a veciñanza, non vale de nada ir aí fora dicindo que solicitamos unha paralización para que a xente durante un mes ou dous meses pensen que podemos parar isto cando o proceso estaba en marcha e as notificacións estaban a semanas de chegar ás casas dos veciños. Que pasou nos Concellos que solicitaron a moratoria e a paralización? Exactamente o mesmo que pasou aquí, que o procedemento seguiu o seu curso. Solicitárona e non lles serviu de nada, solo para saír na prensa e dicir que solicitaran a paralización pero a realidade é que todo continuou igual. Despois solicitaron a rebaixa do tipo impositivo, e aprobouse neste pleno por unanimidade, pero como di o compañeiro Santi “onde hai papeles calan bocas”. Solicitud de informes para baixada do tipo impositivo de data 10 de marzo, informe da interventora de 22 de marzo, petición do Partido Popular de 25 de marzo. Despois ocorréselle quitar as parcelas de núcleo rural a consideración de urbanas, os terreos non se poden clasificar segundo nos conveña. Falan volver a situación anterior ao procedemento, non hai situación anterior, os núcleos rurais son núcleos rurais dende o ano 1997 con unhas Normas Subsidiarias que non foi este goberno o responsable de aprobar- A diferenza entre agora e antes é que agora hai unha lei, que tampouco aprobou este goberno, que permite, ou obriga a tributar por eses terreos, eses terreos teñen a condición de urbanos, non podemos confundir rústico con rural, son cousas diferentes. Os núcleos rurais é un tipo de terreo urbano e o que respecta as bonificacións lévollo dito dende o principio, que é aí onde temos que traballar, nas bonificacións, niso estamos dende o principio, buscando facelo con seguridade e amparo legal e que os organismos interviñentes que son ORAL e Catastro se faciliten a información entre si para que despois á hora de aplicar esas bonificacións tamén sexan mais fácil aplicalas tanto para quen o solicita, que teña que aportar menos documentación, como para quen as tramita. Niso estamos traballando dende hai meses, e xa llo dixemos no pleno no que se aprobou na baixada do tipo, estamos traballando nas bonificacións. Agora mesmo o que está claro é a baixa do tipo vamos a levala xa é canto estea a baixada do tipo traeremos as bonificacións.

A nosa postura en canto a esta moción non vamos a votar a favor dun documento que conta a versión da película a súa maneira e non se axusta á realidade dos feitos, porque ademais no fondo non solicita nada que aporte nada novo, o expediente xa está iniciado, xa está solicitado ao Catastro a relación de parcelas que sexan susceptibles de bonificación, polo tanto como a petición non aporta nada novo non imos a votar a favor desta exposición de motivos e deste argumentario.

Sra. Alcaldesa: Non me gustaría repetir todo o que dixo Lucía, porque a exposición foi totalmente completa e estou totalmente de acordo, pero si dicir que creo que o PP con esta moción o que está indo é a rebufo do Goberno Municipal. Creo que quere quedar ben coa veciñanza, de que está facendo algo pero resulta que vai facendo ou vai mostrando peticións segundo o que vai traballando o Goberno Municipal, entón vai detrás, é o que fai.



Primeiro, o Partido Popular pediu a paralización do proceso, cando sabía que era irreversible pero pedían porque había que dicir que pedían algo, aínda que sabían que era irreversible. Segundo, pediron unha moratoria, unha moratoria que xa lle dixemos que tampouco tiña cabida e que quedou demostrado no Concello de Mos coa negativa de catastro a esa moratoria. Despois viu pedindo a rebaixa do tipo impositivo, quedou claro como dixo a compañeira de Facenda que xa estaba iniciado o expediente por parte do Goberno cando se solicitou, pero hai que facer publicidade de que se fai algo. Despois, aínda máis triste, sumouse á reclamación doutro partido que non ten representación política no pleno, sumándose á barbaridade de que as fincas de núcleo rural se queden en rústico, un auténtica barbaridade, como lle dixen no pleno anterior, pregúntenlle aos veciños si queren que as súas fincas queden en rústico para o resto dos tempos.

Agora a seguinte é a solicitude das bonificacións que este goberno xa anunciou dende o mes de febreiro pero é que acabamos de aprobar unha acta que lle vou ler a miña intervención directa, eu dicía: *“En canto a o IBI a única bonificación posible haberá que estudar en cada caso si é posible ou no as licencias urbanísticas ou sociais do Concello vou leerlle unha cousa artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais: Bonificacións potestativas do Concello, as Ordenanzas Fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos ubicados en áreas e zonas do municipio que conforme a lexislación e o planeamento urbanístico respondan a asentamentos etc., si que hai posibilidades de outras bonificacións e nós si que facemos un traballo serio para mirar todo o que se pode axudar a veciñanza neste tema”*. Isto era o que eu dicía no pleno do 24 de xuño pero esta era a mesma resposta ás declaracións do compañeiro do Partido Popular, Sr. Joaquín Nuñez Troncoso, que nos dicía xusto antes das miñas declaracións *“que lle pidan vostedes un informe digamos fiscal, servizos sociais, pois non ten moito sentido e si vostedes van a lei o único encaixe que hai son as bonificacións a familias”* É dicir vostedes dicían que as bonificacións sociais as familias e eu lle dixen que había as bonificacións do artigo 74 que vostedes piden agora, entón non veñan agora cunha iniciativa quitada do caixón para dicir que o Concello e o equipo de goberno non están facendo o seu traballo, cando queda patente nesta acta que acabamos de aprobar que eu mesma lle falei do artigo 74 das bonificacións. O que dicía a compañeira Lucia, paréceme tristísimo que vaian a rebufo continuamente, alégrome que se dean conta despois de tantos meses que non é posible nin a paralización do proceso nin a moratoria, nin que se volva a situación de rústico, que a única posibilidade é o estudio destas bonificacións que hai que concretar.

Creo que o chiste do Partido Partido é ir a rebufo do que fan os demais, eu vólvolle a dicir, súmense á lealdade a este equipo de goberno, que realizou o seu traballo en todos os seus puntos como dixo a compañeira de Facenda, súmense, sexan leais ao equipo do goberno e sexan leais á veciñanza, porque lle están facendo fraco favor con inventarse cousas que se poden facer con procedementos ilegais, etc... para dicir que se está facendo algo. Eu o que lle pido unha vez mais ao Partido Popular é que



deixe de facer populismo, que deixe de dicir que todo o fai el porque o equipo de traballo fixo o seu traballo, a súa xestión dende o minuto cero. Gustaríanos que as cousas fosen doutra maneira, seguro, e que fosen máis rápidas e que todo se puidese solucionar antes, pero as cousas levan o seu tempo e a xestión do equipo de goberno é seria e agora mesmo, como dicía a compañeira de Facenda, estase a traballar xuridicamente dende o departamento de Facenda e dende Urbanismo para levar a cabo estas bonificacións que vostedes piden e que nos anunciamos dende o mes de febreiro.

Sr. Rodríguez Davila: Vostedes señores membros do Goberno do Partido Socialista e Movemento Salceda, vostedes están a favor do Catastro e están a favor porque dende o minuto un vostedes o recolleron nos presupostos deste ano 2021 e polo tanto, porque están recollidos no presuposto o goberno preveu recadar polo catastrazo mais de 800.000€ a maiores do ano 2020 ese é o documento oficial fehaciente que non deixa lugar a dúbidas a interpretación. Vostedes sabían dende antes do inicio deste ano do inicio do procedemento e o calaron, non dixeron nada e nós e os veciños nos decatamos a través dos presupostos e polo tanto vostedes, como calaron e o ocultaron a este grupo, non fixeron ningún recurso contra o mesmo, por iso esgotaron o prazo de exposición ao público para recorrer contra o catastrazo e vostedes non presentan nin un só documento. Non é iso só o grave, que o é, senón que impediron a calquera veciño, colectivo e a este grupo presentar recurso porque ninguén, salvo vostedes, tiñan coñecemento deste procedemento do catastrazo. Vostedes por iso o trouxeron a pleno, recollendo no orzamento máis de 800.000€ de incremento de urbana do catastrazo. Vostedes o sabían, vostedes o recolleron e vostedes son cómplices necesarios e aplauden o catastrazo.

Segundo punto, nin un só documento contra o mesmo, nin unha reunión con este grupo, ni unha comisión, nin un pleno extraordinario, ningunha reunión con ningún colectivo, nada de nada, ningunha reunión oficial que nos conste, oficial, presencial non hai nada que avale respecto da reunión do goberno co Catastro, cantos bandos informativos? Cantas pancartas colgaron vostedes na fachada do Concello? Mire que colgaron vostedes pancartas contra outros procedementos, ata camisetas, ata se rían dos veciños que sufrían aquelas consecuencias, como si os concelleiros do Partido Popular foramos culpables daquelo, iso é a diferenza entre como estamos actuando nós, aquí neste pleno, coa sexta proposta enriba da mesa sen ningunha manifestación, sen ningunha pancarta, sen ningunha camiseta, esa é a diferenza ata o día de hoxe. Onde está a notificación do Catastro que nos vai a certificar e asegurar xuridicamente que os atrasos van a vir diferidos en tres anos como nós o solicitamos e tal como se aprobou neste pleno? Non temos ningún documento. Teñen vostedes competencias neste pleno para a solución e vostedes dixeron non, votaron non, non a recorrela, nin o intentaron, recorreremos outros procedementos pero non o catastrazo.

Hoxe temos esa posibilidade de dar esa nova solución favorable, non é a que a nós nos gustaría, porque a nós o que nos gustaría é paralizar e volver ao procedemento



anterior como estabamos. Nas Normas Subsidiarias do noso Concello o chan, o solo é dicir, as fincas e as parcelas das parroquias están clasificadas como solo non urbanizable de núcleo rural, é dicir, a efectos catastrais son rústicos por iso nunca pagaron, por que a efectos catastrais esas parcelas nas Normas Subsidiarias son rústicas e nunca pagaron, porque si fosen urbanas sempre pagarían e nunca pagaron, dende o ano 1997 ata o ano 2021 que van a pagar por culpa de vostedes, porque lle cambiaron a condición do solo pasando de rústicos a urbanos. Sra. Alcaldesa pido por favor que non me interrompan.

Sra. Alcaldesa: Pídivos a todos que cumpramos o Regulamento, vamos a respectar a quenda de palabra por ambos lados e que remate o seu tempo o compañeiro do Partido Popular. O que si vou a pedir tamén que se deixe de dicir que o equipo de goberno minte, etc...

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Alcaldesa, amparándome no dereito que teño como cidadán de expresarme libremente sen faltarlle a ninguén, podo volver a dicir e digo, porque así o permite a lexislación, que o goberno está mentindo neste procedemento, dicir que o goberno está mentindo non é faltar a verdade a ninguén porque a demostración de que vostedes non están dicindo a verdade é que dende o ano 1997 ata o ano 2020 ningún veciño recibiu ningunha notificación do catastro de que esas fincas están como rústicas a efectos catastrais e polo tanto, nunca pagaron, por iso estes días están chegando notificacións clasificando eses terreos como urbanos, desde este ano 2021 polo catastrazo que vostedes non recorreron, que vostedes aplauden e que vostedes recollen nos orzamentos con ese incremento de recadación abusiva de mas de 800.000€. Polo tanto, si foran urbanas antes pagarían e como non eran urbanas a efectos catastrais non pagaron esa é a verdade. Durante mais de 25 anos. Se'pres do Goberno, as Normas Subsidiarias do noso Concello permiten dar licencias directas neses núcleos catalogados nas parroquias como núcleos non urbanizables no medio rural, por iso señores do goberno o que nós pediamos no pleno anterior extraordinario que solicitamos para que o goberno recorrese, o que pretendíamos era que volveramos aos orixes de antes do 1n de xaneiro deste ano, é dicir, deixar sen efecto o catastrazo para que o planeamento seguise en vigor tal como se aprobou no ano 1997 e polo tanto os veciños non pagasen urbana, IBI, nesas parcelas e así se puidera dar licenzas como ata o de agora. Que os veciños na parroquia de San Xurxo, Budiño, Parderrubias, Entenza, Picoña non puideron edificar sobre esas parcelas? Por suposto, e pagaron algunha urbana antes de ter unha construción sobre esas parcelas? Non, nunca, cero euros durante todo o tempo que esas parcelas non tiveron ningunha construción. Porqué? Porque eran consideradas rústicas a efectos catastrais.

No recurso que vostedes votaron en contra no pleno do outro día, o que solicitabamos era volver a situación anterior e polo tanto deixar sen efecto o catastrazo. Nós insistimos señores do goberno, o que lle pedimos ao goberno municipal, xa que tanto din que teñen todo feito non sei como é que todo o que se aprobou neste pleno foi traído e pedido por este grupo municipal: pleno



extraordinario, mocións, propostas que se aprobaron por unanimidade da corporación e as que se rexeitaron, foi este grupo o único que trouxo a pleno o debate e a aprobación. Por todo iso o noso grupo, hoxe, volvemos a pedir unha bonificación, porque non é o que nos queríamos ou o que nos gustaría, a nós gustaríanos que o goberno recorrese o procedemento e non o fixo, e polo tanto o último que nos queda é intentar que o goberno aplique esa bonificación que nos permite a lei e que é o pleno competente para facelo. Oxalá este pleno no día de hoxe atendendo as peticións dos veciños e tamén deste grupo que se ven prexudicados teña a ben facer esa bonificación que é necesaria porque é inxusto pagar por parcelas que nunca van a ser edificables.

Sra. Alcaldesa: Unha apreciación cando se dirixe aos señores do goberno municipal me gustaría que se dirixira aos señores e as señoras do goberno municipal.

Sra. Castiñeira Alén: Hoxe neste pleno estou vivindo unha situación que me resulta ao mesmo tempo dura e incluso triste e tamén esperpéntica, o Partido Popular de Salceda da man do BNG buscando rendemento político, a parte é curioso, unha manifestación convocada polo BNG na que o portavoz do Partido Popular de Salceda, aquí mesmo en sesión plenaria se acaba de sumar, actúan a demais con xenreira menten sistematicamente como acabamos de escoitar nos case nove minutos que lle deu a Alcaldesa de intervención, falsean datos que é o mais grave e só cun único obxectivo, porque iso si, vostedes falan de intereses pero de intereses político porque dos veciños e das veciñas vostedes non se están preocupando o que están facendo é enredar, desinformar. É unha mágoa que non se poñan do lado do goberno para solucionar ou polo menos xestionar, como así o está facendo o equipo de goberno, para minimizar o máximo posible o impacto desta revisión catastral.

Isto que está a pasar en Salceda non acontece noutros Concellos? Esta revisión imposta polo Ministerio de Facenda non ocorre en Mos, non ocorre en Porriño, non ocorre tampouco en Bueu? Igual será que en Porriño o Bloque está no goberno, e o PP non se mobilizou e ademais teñen un plan xeral do 2003, ou será que en Mos goberna o Partido Popular e teñen un plan xeral do 2017 ou incluso o Bueu que goberna o Bloque e teñen un plan xeral do 2017, pois resulta que en Salceda nin goberna o PP, nin o goberna o Bloque, non ten representación sequera na Corporación e por enriba non temos plan xeral porque vostedes o tomaron no 2016, vostedes formaban parte dunha comisión que tombou o Partido Popular. Por si era pouco nesta campaña que teñen de desinformar, as súas magnificas páxinas anónimas lles axudan aínda por enriba a estender estas falsidades. Creen que así benefician aos veciños e as veciñas? As mentiras non van a ningunha parte, o que pasa é que a nós nos vai levar un pouquiño mais de tempo demostrar que temos a razón e mentres vostedes o que están facendo é intoxicando, é o que están facendo dende o primeiro momento. Xa o dixó a compañeira Lucía, xestionamos o primeiro pleno en febreiro, anunciamos cinco puntos, catro deles cumpridos, queda un no que estamos traballando con seriedade que é o que se lle ocorre traer hoxe a pleno, pero non lle dixemos dende o primeiro momento que estabamos traballando nel? Que



pretenden? Sempre dixemos e seguiremos a dicir que esta revisión é inxusta, dixémolo dende o primeiro momento porque chega nun momento malo e cos pagos atrasados. Os veciños e veciñas teñen que saber que fixemos o máximo esforzo posible e seguiremos a facelo para que o impacto sexa o menor posible. Movemento Salceda vai defender a veciñanza e ningunha outra cor política, que lle quede claro.

Sr. Rodríguez Davila: Lamentamos que o goberno non se sume a esta proposta e nós temos a conciencia tranquila durante estes meses, todos de actuar con coherencia. Trouxemos seis propostas alternativas, unha tras outra en función do que o goberno ía adoptando nos diferentes plenos. Os bandazos é non facer nada, os bandazos é dicir que non ían mudar os valores catastrais ou os recibos, resulta que as modificacións das valoracións dos inmobles das fincas e dos recibos vaia se non mudaron. Como digo, nós non fixemos ruído na rúa, nós fixemos propostas no pleno, escritos nas comisión, ata o día de hoxe e aquí seguimos estando. Dixemos que non nos ían a desanimar e por suposto e o digo en nome deste grupo, que non nos vamos a desanimar. Nós o que pedíamos e o que seguimos pedindo é que voltase a situación anterior. Adiferencia de Salceda de Caselas con respecto a outros Concellos é que eles teñen Plan Xeral e nós non, porque a maioría do pleno, o Partido Socialista da actual Alcaldesa e nós votamos en contra de aquel goberno da Sra. Dolores Castiñeira e do ex-alcalde, que querían impor un único plan Xeral, así non se goberna.

Nós o que pedimos é que, a través da modificación da ordenanza municipal competencia deste pleno e que o goberno non ten a ben apoiar no día de hoxe, se faga unha modificación para facer unha bonificación de ata o 90% en aquelas parcelas que o permite a Lei de Facendas Locais, artigo 74.1 para que aquelas fincas que non teñan acceso a camiño público, que non teñan os metros mínimos para construír, se deixe sen efecto o recibo da urbana, xa que non conseguimos deixar sen efecto o procedemento porque vostedes votaron en contra de recorrer, que é o que tiñan que facer. Agora, o mínimo que podemos facer é esa bonificación de ata o 90% nesas parcelas para que os veciños non paguen algo inxusto por unhas parcelas que nunca van ser edificables e que o goberno contempla poñerlle o catastrazo porque así o recollen os presupostos deste ano, ningunha alegación contra o mesmo, ningunha demanda contra catastro, ningunha reunión, ningún bando, ningún pleno extraordinario, ningunha Comisión, nada de nada por parte dos señores e señoras do goberno municipal contra o catastrazo, polo tanto, son cómplices necesarios e cooparticipes do maior sablazo, da maior suba de impostos da historia do noso Concello mentres os veciños as ven e as desexan para chegar a fin de mes. É inxusto e non merecen ter un goberno que non defende os intereses xerais dos veciños e que so pensa en como recadar para pagar as facturas que deixan de anos anteriores.

Hoxe é un día triste para os Salcedenses porque a súa Alcaldesa como máxima representante e o goberno como maioritario neste Pleno Municipal non están a facer os deberes, igual que non os fixeron nestes últimos meses, non defendendo aos veciños e si está ao lado do catastro para recadar. Lamentamos esta situación e reitero este grupo seguirá batallando contra este inxusto, insolidario sablazo que é o



Catastro aos nosos veciños e as nosas veciñas. Lamento profundamente non chegar a un acordo e lamento profundamente que o goberno non se sume a esta proposta.

Sra. Pereira González: Non me parece lícito que se poidan usar oito minutos para soltar mentiras e non se poida rebater pero é así e está na súa quenda. Só comentar que non o dixen antes na miña quenda, que habíamos aprobado a rebaixa do tipo do 50% que foi aprobado por unanimidade nesta Corporación, rematouse o período de exposición, se non houbera alegacións se convertería en definitivo pero si que as houbo, polo tanto temos que traelas de novo a pleno para resolver as alegacións, polo tanto que non o dean por aprobado definitivamente que non o é.

Sra. Alcaldesa: Dixo o Partido Popular que non se fixo ningún pleno, nin extraordinario, nin ningunha información nin demais. Creo que os veciños e as veciñas que nos seguen deben saber que levamos todo o ano falando do IBI, dende aquel pleno do mes de febreiro, xa llo recordaba no pleno anterior, un tema que se debateu no pleno ordinario de febreiro, nos dous extraordinarios de abril e de maio, no pleno do 24 de xuño. Vostede acaba de dicir que seguirá batallando, efectivamente o Partido Popular o que está facendo é unha batalla dun tema tan importante e que afecta a toda a veciñanza, porque efectivamente os concelleiros e concelleiras, esta Alcaldesa e as súas familias tamén están afectados por este procedemento simplificado. Parece que nos está falando que a este equipo de goberno, señores e señoras do goberno, non nos afecta, porque debemos ser de outro espazo que non é o Concello de Salceda de Caselas. Creo que temos que ser serios e deixar de facer esa batallina política que está a facer o Partido Popular. Vólvolle a pedir lealdade, vólvolle a pedir que non intente enganar á xente con conceptos que non son verdade que utiliza como vostede quere. Si as Normas Subsidiarias non contemplaran xa eses núcleos rurais como urbanos non se poderían dar as licenzas. Vostede me di que nunca lle chegou unha carta para pagar o catastro ata agora, tampouco lle chegou unha negativa de licenza en terreo de solo rústico que se fora lle houbera chegado.

Temos que ser serios e deixar de equivocar termos e confundir á xente. Nas bonificacións este equipo de goberno está a traballar nelas dende febreiro, hai que pasar uns procesos, hai que pasar uns procedementos e hai que facer un traballo que non é presentar unha moción e vir aquí contar un regueiro de verdades a medias facéndose os salvadores da poboación, porque quen xestionou todo o que temos ata de agora, quen xestionou os fraccionamentos, quen xestionou a oficina de información, quen xestionou a rebaixa é este equipo de goberno e de feito, a proba está en que houbo unha oficina de información e volve a habela de novo porque é necesaria e todo iso é este equipo de goberno. Si queren quedar ben coa veciñanza fagan algo e saben o que teñen que facer, vólvollo a repetir, lealdade a este equipo de goberno e lealdade á veciñanza nun tema tan serio que afecta a toda a veciñanza e a todos nós que formamos parte deste Concello e deste Municipio.

As bonificacións se traerán a pleno no momento que teñamos xuridicamente todo



pechado, porque é moi fácil poñer: iniciar os trámites, xa están iniciados hai meses, xa teñen expediente, etc... da modificación da ordenanza do IBI para incluír bonificacións potestativas do 90% nas zona do Concello susceptibles de ser aplicadas, claro é que detrás de iso non hai traballo ningún de mirar cales parcelas son susceptibles, cales se poden aplicar, cales se envían, todo iso, non hai traballo ningún todo ese traballo o está facendo o Partido Popular presentando unha moción. Houberamos apoiado esta moción e estas bonificacións, porque é no que se está traballando, se o argumentario desta moción non fose un cantidade de falsidades ou medias verdades. Pasamos a votación desta moción.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción , esta resulta REXEITADA por SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3)

Moción conxunta de urxencia sobre o arranxo dos aseos no CEP Altamira.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Moción presentada pola asociación SAPIX, Asociación pola infancia e xuventude, unha moción que presentou esta asociación e a que nos sumamos os tres grupos políticos, tanto o Partido Popular, Movemento Salceda como Partido Socialista, vou dar lectura a moción:

"Moción ó Pleno ordinario do 26 de Agosto de 2021, presentada pola asociación SAPIX (Salceda pola Infancia e a Xuventude)"

Sobre o arranxo dos aseos que aínda están sen reformar no CEP Altamira, polo que queremos someter á consideración do Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. *QUE este centro ten un número moi elevado de alumnado, sendo este curso pasado 20/21, superior a 500 nenos e nenas.*
2. *QUE no edificio principal, onde están situados 8 aseos, tan só arraxaron os baños da pranta baixa ao comezo do curso anterior, deixando sen facer máis da metade (pranta superior e ximnasio) en plena pandemia. Por non talar do escaso número de baños para tanto alumnado.*
3. *QUE o xefe territorial, César Pérez Ares, comprometeuse a reformar os baños do centro educativo despois da ampliación feita no ano 2018, nunha segunda fase da que non coñecemos nada. Información que tamén se trasladou ó consello escolar.*
4. *QUE antes do inicio do curso 20/21, César Pérez Ares, trasladou ó equipo directivo do CEP Altamira, que a unidade técnica estaba a traballar na renovación dos aseos. Un compromiso adquirido polo departamento autonómico.*
5. *QUE en agosto do 2020, o xefe territorial dixo que se estaba a traballar para*



executar ese compromiso coa máxima brevidade posible.

6. QUE se consultamos o Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, por o cal "se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria", podemos ver como no CEP Altamira non se cumpre o dereito á salubridade e a ter unha cantidade de baños necesarios:
7. Artigo 3: Requisitos de instalaciones comunes a todos los centros. Punto 2:
 - Letra b: "Reunir las condiciones de seguridad estructural, de seguridad en caso de incendia, de seguridad de utilización, de salubridad, de protección frente al ruido y de ahorro de energía que señala la legislación vigente. Asimismo, deberán cumplir los requisitos de protección laboral establecidos en la legislación vigente."
 -
 - Letra e: "disponer como mínimo de las siguientes instalaciones(...) Aseos y servicios higiénico-sanitarios adecuados al número de puestos escolares, a las necesidades del alumnado y del personal educativo del centro, así como aseos y servicios higiénico-sanitarios adaptados para personas con discapacidad en el número, proporción y condiciones de uso funcional que la legislación aplicable en materia de accesibilidad establece."
 -
8. Que as carencias dos centros educativos nunha pandemia fanse aínda máis visibles que nunha situación normal. O CEP Altamira leva anos sufrindo a falta de inversión da Xunta de Galicia para que sexa un colexio adecuado ás necesidades da vila e dos seus nenos e nenas.

Por todo isto a asociación SAPIX propón ó Pleno do Concello de Salceda de caselas que inste á Xunta de Galicia a:

1. QUE reforme os baños que faltan do edificio principal e os do ximnasio.
2. QUE, visto que o protocolo para este vindeiro curso 21/22 val a ser o mesmo que no anterior debido á pandemia ,os reformen antes de que comece o curso escolar.
3. QUE invirtan o necesario para que o alumnado que acude a este centro ,a pesar de ter un número de baños insuficiente, os aseos que teñan estén en perfectas condicións."

VOTACION URXENCIA DA MOCIÓN: Sometida a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, pasándose polo tanto a tratar a moción.

Sr. Alcaldesa: Esta moción presentada por SAPIX, como dicía antes foi recollida polos tres grupos desta Corporación municipal polo tanto paso a dar a palabra aos diferentes grupos.

Sra. Rodríguez Davila: Dende este grupo vamos a apoiar, todo o que sexa reivindicar

melloras no noso Concello, sexa no eido educativo ou doutra índole, polo tanto non lle poñemos ningún pero a esta petición, independentemente de que poidamos ter a nosa opinión ao respecto do proceder ou na exposición de motivos, que como ben se dixo pola parte da Sra. Alcaldesa, se menciona unha serie de datos dos que podemos estar máis ou menos de acordo, pero o importante é o fin da moción, a parte resolutiva na que estamos todos de acordo, pero tamén é certo que como ben sabe o equipo directivo e tamén dou por feito que o goberno e polo tanto a Concelleira de educación deben saber, que ese proceso leva xa semanas en proceso de adxudicación dos baños, como así foi o compromiso dende hai tempo. É certo que debería ser antes, pero é tan certo iso como que leva semanas, e me consta que é así, que o sabe o goberno que está en proceso de adxudicación das obras e polo tanto, vamos a ver mellorado eses baños nas próximas semanas ou nos próximos meses.

Quero dende aquí aproveitar e mandarlle o noso respecto e noso ánimo e a noso agradecemento ao equipo docente dese CEIP Altamira e en especial ao equipo directivo, que sempre exerce as súas competencias dunha forma exemplar, cos seu erros como persoas que son, igual como os cometemos todos nós, pero cos acertos e sobre todo no último ano de pandemia tiveron a ben facer un traballo arduo, un traballo rigoroso, axudado tamén pola ANPA e tamén polo traballador municipal e algúns outros que ao longo dese curso alí se acercaron para axudar nas tarefas que foron precisas levar a cabo. Polo tanto o noso aplauso a esas persoas que fixeron posible que o noso colexio Altamira fose un curso levadeiro aínda que tivemos algún caso COVID sen consecuencias dramáticas e polo tanto o noso agradecemento a ese traballo. Tamén quería recalcar a súa exemplaridade de non deixar entrar nunca, e digo nunca e espero que así siga sendo nos próximos anos e sempre, de non deixar entrar a política no colexio, daqueles que a veces se acercaron alí para intentar manipular certas obras, actuacións ou melloras, que como digo o equipo directivo fixo moi ben exercer a súa competencia da educación libre da política e da politización e polo tanto, tamén nese sentido quero dar e mostrar o noso recoñecemento ao equipo directivo. Tamén queremos facer traslado o noso agradecemento, xa que estamos celebrando un xogos paralímpicos nos que temos a sorte de ter unha salcedense por primeira vez competindo nesas olimpíadas de Tokio paralímpicos, a Viki Alonso, a que lle mandamos un saúdo dende aquí e o noso ánimo para que disfrute dese momento e para que consiga os mellores dos éxitos colectivos da Federación Española de Baloncesto representando a España. Queremos darlle tamén unha medalla aos nosos cativos que neste curso tiveron un comportamento exemplar en todos os sentidos e tamén esa medalla trasladarlle tamén a estas persoas, colectivos como SAPIX que con toda a boa intención, con toda a ilusión con todo o bo facer, queren o mellor para Salceda, queren o mellor para os nosos nenos e nenas, queren o mellor para a xuventude. Tivemos oportunidade de ter unha reunión con elas e lle trasladamos a nosa postura en diferentes aspectos, lle trasladamos o que nós considerábamos que deberían de facer e creo que lles quedou medianamente claro que o liderazo nun colectivo que busca o ben común debe buscar sempre a imparcialidade, a veracidade dos feitos e non deixarse levar por uns ou por outros en función dunha opinión dun ou doutro e polo tanto, que verifiquen



sempre os feitos, que verifiquen sempre os datos, verifiquen sempre todo aquilo que lle trasladan e que lle trasladamos os diferentes grupos municipais para que estean no certo e tomen a decisión que mellor consideren en cada momento.

Trasladar ao goberno municipal igual que a Xunta de Galicia ten competencias no eido educativo, no tema de mantemento e nos gustaría que o goberno municipal revisase as peticións dos últimos anos que aínda están sen executar. No CEIP Altamira concretamente algunha hai máis de cinco anos esa petición e a día de hoxe están sen executar. Nos consta que estes días se están facendo melloras no Altamira o cal aplaudimos, recoñecemos e apoiamos e polo tanto esperemos e desexamos que esas peticións se leven a cabo o máis pronto posible e que tamén nas diferentes aulas das nosas parroquias, a pesar de que fixemos melloras nese sentido co apoio de toda a corporación nos diferentes mandatos anteriores e que nós en todo momento, tanto levabamos no programa electoral como apoiamos vamos a estar sempre de acordo, polo tanto vamos a votar a favor desta moción.

Sra. Castiñeira Alén: Por primeira vez e ogallá sexan moitas, case que vou estar de acordo coa exposición de Santi nun 75%, sobre todo na parte de recoñecemento do traballo feito durante un ano tan duro de dirección e de todo o profesorado e todo o que supuxo e agradecerelles infinitamente que formasen parte da Comisión de Sanidade que organizou o Concello xunto co equipo médico e que na miña humilde opinión tan bo resultado tivo.

En definitiva o que traemos aquí impulsado por SAPIX estou, e tamén Movemento Salceda, agradecidísima polo impulso, pola paixón, polo traballo, polo ímpetu que lle poñen a cada unha das reivindicacións, que non son máis que cousas que necesita Salceda e que os nosos nenos e nenas, a nosa xuventude precisa, elas son o impulso social e eu estoulles moi agradecida persoalmente e dende Movemento Salceda, polo traballo que realizan, pero é un traballo que tamén realiza a dirección como ben dicía Santi. a ANPA, non dun xeito tan cara fora, tan de cara ao público pero sei, me consta, que tamén fan o seu traballo. Polo tanto, é un desexo de todos e de todas a recuperación destes aseos, porque aquí o máis importante non é defender unha cor política ou outra ou o que diga a Xunta ou o que deixe de dicir, senón que os nosos nenos e nenas teñan uns aseos dignos. Nós dixémolo no seu momento, dende o goberno cando o 26 de xullo diriximos un escrito con estas necesidades e voltamos a recordalo hai escasos días, a principios de agosto, porque o curso escolar está aí, a necesidade está aí. Eu non dubido do compromiso de César, pero dende logo púxeno en dúbida a escaso mes e medio do inicio do curso. Alégrome moito desta noticia que nos trasladas, Santi, que están traballando no orzamento e na licitación dese arranxo e agardamos que o arranque do curso nos traia para os nenos e nenas uns aseos dignos que realmente creo que o merecen.

Sra. Ledo Souto: Desde el Partido Socialista y de la parte de concelleira que me toca, felicitar a la asociación, al ANPA y a las directivas de todos los centros porque sí que fue un año muy difícil. La verdad es que pintaba muy mal y dentro de lo mal que



pintaba salieron las cosas bastante bien, incluso Galiña Azul que los niños iban sin mascarilla. Fue un año muy tranquilo para lo que todos esperábamos el año pasado por estas fechas. Es cierto que la necesidad de la reforma de los baños a mi me llegó que se estaba licitando pero también es cierto, compañero Santi y aquí te voy a pedir un favor, que no me enteré por la Xunta de Galicia y eso es algo que sucede muy habitualmente, porque desde que yo soy concelleira se le llevan pedido reuniones, tanto a la Consellería como a la Xefatura Territorial y no se recibe ni respuesta. Desde antes de ser yo concelleira cuando estaba la compañera Tere Pérez llevando educación ya se pedía y tampoco se veía respuesta. La última vez como bien dijo Loli, el pasado 3 de agosto, se pidieron reuniones a la Consellería y a la Xefatura y uno de los puntos que se lleva haciendo desde el 26 del año 2019 tampoco recibimos respuesta. Si que os pediría, si vosotros sois capaces de que nos den una cita, sería de agradecer porque el beneficio serían para los niños de Salceda y para la educación no para este gobierno. Me permito esto porque creo que es importante, porque cuando se llevan dos cursos terminados de esta legislatura y la anterior no me pude reunir en ningún caso con ninguna de las dos instituciones porque no me responden, no porque no se haya intentado desde el Concello.

Con respecto a la moción, encantada de participar en esta moción, porque repito, es algo que llevamos haciendo desde siempre tanto como partido como desde que estamos en el gobierno. Cuando nos anunciaron que iban a reparar los baños este gobierno le había enviado un presupuesto con una solicitud de reparación, cuando vimos el anuncio en prensa, porque tampoco nos comunicaron nada oficialmente, vimos que la cantidad no se ajustaba a la necesidad, el presupuesto que teníamos nosotros con lo que la Xunta nos anunció en su día para la reparación de los baños sabíamos que era insuficiente, así se lo hicimos saber, así se lo hicimos saber también a la dirección del cole y el resultado fue que solo se pudieron reparar dos baños porque no daba para el resto. Tenemos muy claro que se necesitan rehabilitación de los cuatro aseos en este caso solo quedan dos por rehabilitar y por adecuar también con accesibilidad y para personas con movilidad reducida y también los del gimnasio que son baños con duchas, que nos parece vergonzoso que en este siglo se sigan teniendo baños como ese.

Decir que el Partido Socialista va a apoyar esta moción por supuesto y todas las que vengan y encantadísimos y agradecidísimos que sea por unanimidad.

Sra. Alcaldesa: Decir como xa dixeron as compañeiras tanto Gela como Loli que dende o Concello se levan feito varias peticións, nesta lexislatura se fixo esta petición no mes de xullo do ano 2020, volveuse a facer agora o 3 de agosto deste ano unha petición que non só incluía os baños senón moitas das necesidades que ten o eido educativo aquí en Salceda. Todos somos conscientes de que necesitamos ensino post-obrigatorio, de que necesitamos ter un transporte para os nosos mozos e mozas que van a outro Concello mentras non dispoñamos dese en ensino post-obrigatorio, necesitamos patios cubertos, necesitamos unha rehabilitación do CEIP Altamira, non só esa ampliación e eses baños, etc... Son de sobra coñecidas as reivindicacións que



se fixeron dende o Concello sempre, as reivindicacións que fixeron dende o Partido Socialista dende hai mais dunha década e por suposto o Concello de Salceda ten a responsabilidade no mantemento dos centros. A Concelleira de ensino está facendo fronte a esas peticións das que falaba o compañeiro do Partido Popular, creo que se está dando resposta á maioría, a todas aquelas que son factibles, tanto nas aulas unitarias das parroquias como no CEP Altamira. Boto de menos, como dicía a compañeira de ensino, que despois destas solicitudes reiterativas por parte do Concello pois que non se nos reciba porque a situación, a problemática do ensino en Salceda é coñecida por todos, pais, nais e por este goberno e estou segura que tamén polos compañeiros do Partido Popular. É importante que se nos dea esa reunión porque me gustaría trasladar en primeira persoa e en nome deste equipo todas as necesidades e ver como evolucionan, non ó este proxecto da reforma dos baños integrais, senón que deberíamos ter enriba da mesa un proxecto para a ampliación co IES Pedras Rubias. O proxecto tampouco o coñecemos, tampouco se presentou o departamento de urbanismo, estamos á espera del para poder dar esa licenza e facer todo o posible. Eu si que me sumo a esa petición que fixo Gela e entendendo que en nome de todo o equipo de goberno para que nos den esa reunión e por suposto nos sumamos e persoalmente como Alcaldesa me sumo a ese recoñecemento que xa fixestes os portavoces de Movemento Salceda e Partido Popular e a propia Concelleira de Ensino do traballo feito de toda a comunidade educativa, tanto polas direccións, como ANPAS, SAPIX, e tamén polas familias, nenos e nenas que levan un ano e medio de dura pandemia, un curso escolar completo sufrindo as consecuencias desta pandemia e se comportaron como campións co cal me sumo a ese recoñecemento, parabéns e me alegro que sexamos capaces de apoiar por unanimidade unha iniciativa tan importante como esta.

Sra. Alcaldesa: unha vez aprobada a urxencia da moción dou paso a lectura a proposta de acordo, seguinte:

“Primeiro: O Pleno do Concello de Salceda de Caselas insta a Xunta de Galicia a:

1. QUE reforme os baños que faltan do edificio principal e os do ximnasio.
2. QUE, visto que o protocolo para este vindeiro curso 21/22 val a ser o mesmo que no anterior debido á pandemia ,os reformen antes de que comece o curso escolar.
3. QUE invirtan o necesario para que o alumnado que acude a este centro, a pesar de ter un número de baños insuficiente, os aseos que teñan estén en perfectas condicións.”

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: O Pleno do Concello de Salceda de Caselas insta a Xunta de Galicia a:



1. QUE reforme os baños que faltan do edificio principal e os do ximnasio.
2. QUE, visto que o protocolo para este vindeiro curso 21/22 val a ser o mesmo que no anterior debido á pandemia ,os reformen antes de que comece o curso escolar.
3. QUE invirtan o necesario para que o alumnado que acude a este centro, a pesar de ter un número de baños insuficiente, os aseos que teñan estén en perfectas condicións.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2021-0744 de 21 de xuño ao núm. 2021-1067 de 20 de agosto.

Queda dada conta.

Dación de conta de resolucións de subvencións outorgadas con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Sr. Núñez Troncoso: preguntar con respecto da subvención concedida con cargo á liña 2: amortización, pagamento de débedas, gastos correntes e actividades, por importe de 7.500€ e o obxecto da subvención “Embelecemento de espazos municipais” quería saber si nos poden dicir a que se refire isto.

Sr. Rodríguez Canosa: Esa subvención que se solicitou ao Plan Concellos de “Embelecemento de espazos municipais” o que se vai levar a cabo é dous murais en dúas zonas do Concello, un estará aquí no auditorio municipal e outro estará na ponte que vai cara a Entenza, que cruza a PO-510.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: Cantas veces se reuniu a Comisión de seguimento de catastro nos últimos cinco anos?

Sra. Pereira González: Fáloche dos dous últimos anos, reunión de seguimento como tal non houbo, vídeo conferencias e chamadas telefónicas e correos electrónicos houbo uns cuantos, Comisión de seguimento como tal nos dous últimos anos non houbo, reunións telemáticas, conferencias e viedochamadas si.



Sr. Nuñez Troncoso: Pero Comisión como tal non. Hai un representante nomeado no pleno de organización para catastro, nos dous últimos anos ningunha reunión e nos últimos cinco? Pediremos que nos aclare ou certifique as reunións se houbo nos últimos cinco anos.

Sr. González Souto: Fai nove meses máis ou menos aprobamos unha moción que traía o Partido Popular que ao final retocamos, que se pedía á Deputación que sacara o bordillo do carril bici, ao final modificámola para pedirlle a Deputación un estudio técnico para mellorar a seguridade no carril bici de Esfarrada-As Pontes, temos algunha contestación ao respecto disto ou algún documento que acredite que se lle notificou a moción a Deputación?

Sra. Alcaldesa: Non temos ningunha comunicación da Deputación ao respecto desa moción pero si que a moción se lle comunicou como se comunican todas as mocións que se aproban en sesión plenaria, se queres ter ese documento de comunicación da moción, solícitao ou que quede aquí en acta e cho facemos chegar.

Sr. González Souto: Ante o silencio da Deputación non se lle volveu a insistir?

Sra. Alcaldesa: Ata onde teño coñecemento non, non se lle volveu a insistir, o faremos en canto poidamos faremos chegarche ese escrito e faremos unha comunicación á Deputación para que nos dean contestación ao aprobado en pleno.

Sra. Valcárcel Bernárdez: No parque da Gándara na zona de xogos instalárase un dispensador de xel e a día de hoxe non está, quería saber cal era o motivo, porque aínda estamos en pandemia, e utilizábase.

Sra. Castiñeira Alén: Retirámolos ata atopar un dispositivo máis seguro, ese dispensador está a altura dos rapaces máis pequechos e era de pedal e ao pulsar o pedal saía con moita facilidade cara a cara dos nenos polo tanto consideramos que non era de todo seguro. Retiráronse e aproveitáronse para o uso de adultos, como é na praza de abastos e se instalou un na entrada e outro na saída e buscaremos outro tipo de dispositivos máis seguro para os nenos e nenas que usan ese espazo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

